

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO PARA UN USO INCLUSIVO DAS LINGUAXES NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA***APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO PARA UN USO INCLUSIVO DAS LINGUAXES NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de setembro de 2017, acordou aprobar inicialmente o Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, o acordo de aprobación inicial do Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra someteuse a información pública, a través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 192 de data 5 de outubro de 2017, polo prazo de trinta días hábiles, iniciándose dita exposición pública o día 6 de outubro e finalizando o día 20 de novembro de 2017 (ambos inclusive).

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións contra o mesmo dentro do prazo mencionado, procedese a elevar automaticamente a definitivo o acordo inicial do Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra.

De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, procedese a continuación a publicar o texto íntegro do devandito regulamento.

**REGULAMENTO PARA UN USO INCLUSIVO DAS LINGUAXES
NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establécese, como criterio de actuación de todos os poderes públicos, a utilización dunha linguaxe non sexista. No título II, sobre as políticas públicas para a igualdade, régúlase no seu artigo 14.11, como criterio xeral de actuación dos poderes públicos, “a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas”. Para aplicar o principio de igualdade de trato e de oportunidades na sociedade da información, no artigo 28.4 establécese que “nos proxectos do ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación sufragados total ou parcialmente con diñeiro público se garantizará que a súa linguaxe e contidos non sexan sexistas”. Finalmente, no título III, dedicado á igualdade e medios de comunicación, régúlanse medidas específicas para implantar a igualdade nos medios



de comunicación social de titularidade pública. Do mesmo modo, no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, postúlase a erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social; nos medios de comunicación, especialmente na publicidade; na educación e formación para igualdade entre mulleres e homes e nas relacións laborais.

Conforme a este marco legal a Deputación de Pontevedra comprométese a utilizar unha linguaxe oral, escrita e iconográfica incluínte e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este regulamento é de obrigado cumprimento para todos os órganos, servizos, departamentos, centros etc. que integran a Deputación de Pontevedra, así como para o conxunto das persoas traballadoras desta institución.

Os usos non sexistas da linguaxe escrita, oral e iconográfica da Deputación de Pontevedra regularanse polos criterios que se establecen neste documento e será responsabilidade dos órganos de goberno da Deputación velar pola súa aplicación e cumprimento.

A Deputación de Pontevedra empregará unha linguaxe inclusiva e non sexista tanto nas actuacións administrativas internas e externas coma nas relacións coa cidadanía e coas entidades públicas de Galicia.

CAPÍTULO I CRITERIOS BÁSICOS PARA A UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NON SEXISTA

Artigo 2. Emprego sexista das linguaxes

As linguaxes empréganse de forma sexista cando

- Utilizan unha perspectiva androcéntrica, tomando o masculino como modelo universal, invisibilizando, ocultando e dificultando a identificación das mulleres
- Usan un tratamento discriminatorio e peor cara ás mulleres, situándoas en posicións de subordinación ou inferioridade
- Transmiten estereotipos e roles sexistas, ligando as mulleres coas responsabilidades do fogar e cos coidados e asignándolles diferencialmente a mulleres e homes capacidades “naturais” para o exercicio profesional de tarefas asociadas ao mundo dos coidados para unhas e ao mundo público para os outros

Artigo 3. Recomendacións na linguaxe escrita e oral

Na lingua oral e escrita empregaranse as seguintes estratexias para xerar textos exentos de sexismo:

- Nun documento no que se coñece a quen vai dirixido utilizar sempre o xénero gramatical que corresponda
- Evitar o uso do xénero gramatical masculino como xenérico e substituílo por substantivos xenéricos, colectivos e/ou abstractos
- Utilizar metonimias e perífrases
- Usar pronomes sen marca de xénero
- Modificar a redacción para empregar expresións non sexistas
- Empregar dobres formas para lles dar visibilidade ás mulleres

Artigo 4. Recomendacións na linguaxe iconográfica

No relativo á linguaxe iconográfica as imaxes deberán:

- Evitar representar as mulleres en posicións de subordinación ou inferioridade, ou cousificalas
- Fuxir do uso da figura masculina como xenérica
- Amosar unha presenza equilibrada de mulleres e homes, tendo en conta a súa diversidade
- Evitar reproducir estereotipos e roles sexistas e tratar de representar a muller en contornos dos que sempre estiveron ausentes

CAPÍTULO II**USO E FOMENTO DUNHA LINGUAXE INCLUSIVA E NON SEXISTA****Artigo 5. Uso escrito e iconográfico dunha linguaxe inclusiva e non sexista**

Utilizarase unha linguaxe escrita e iconográfica exenta de sexismo e inclusiva:

- Nas convocatorias das sesións de todos os órganos colexiados da Deputación de Pontevedra e nas do Pleno, da Comisión de Goberno, das comisións informativas, dos concursos, das oposicións e dos tribunais
- Nas actas das sesións dos mencionados órganos provinciais
- Nas resolucións da Presidencia, dos e das concelleiras delegadas e no seu libro de rexistro
- Nos bandos, avisos, requirimentos etc.
- Nas comunicacións formais (oficios, convocatorias de xuntanzas, citacións, convites etc.) entre servizos, departamentos e órganos da Deputación
- Noutros documentos de uso interno empregados polos diferentes órganos, servizos e departamentos da Deputación (informes, memorias, nóminas, anuncios, notificacións, comunicacións oficiais, orzamentos etc.)



Mércores, 29 de novembro de 2017

Núm. 229

- Nos procedementos contractuais e nos convenios asinados pola Deputación con outras entidades públicas ou privadas
- Nos rótulos, letreiros, indicadores e sinalización, tanto exterior coma interior, dos edificios da Deputación
- Nas páxinas web, nas intranet e nos blogs informativos, nos accesos oficiais ás redes sociais, nos avisos e nas convocatorias, nas listas do correo electrónico e en toda a posible comunicación na rede dixital

Artigo 6. Comunicación externa

Os estudos, proxectos, programas e traballos que a Deputación de Pontevedra lles encargue a terceiras persoas, entidades ou empresas realizaranse atendendo ás recomendacións sobre o uso inclusivo da linguaxe escrita e iconográfica contidas neste regulamento. Este requisito será explicitamente recollido nas convocatorias ou solicitudes dos mencionados traballos.

Os contratos de prestación de servizos asinados pola Deputación con entidades privadas conterán unha cláusula na que se comprometan expresamente a respectar as normas que dispón este regulamento en materia de comunicación inclusiva.

As ofertas de emprego e de acceso á función pública, as subvencións, as convocatorias de axudas e de bolsas de estudos, as oposicións e os concursos, do mesmo xeito que a publicidade que destas se xere, redactaranse observando o capítulo I deste regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

Este regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases de réxime local.

b).— A exposición pública do mesmo por un prazo de trinta días hábiles a efectos de alegacións, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Deputación e na súa páxina web. No caso de non presentarse alegacións o Regulamento entenderase definitivamente aprobado.

c).— Resultas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial, de non se formular alegacións, realizarase a publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe dita publicación e transcorra o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei de Bases de Réxime Local.”

Pontevedra, a 23 de novembro de 2017.

A Presidenta,
María del Carmen Silva Rego

O Secretario,
Carlos Cuadrado Romay

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:APC4JEX9ZNK0Z10Z

